



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia amosamos a nosa solidariedade e apoio á familia e amigos de Luis Conde de la Cruz, vítima do último atentado perpetrado pola banda terrorista ETA en Santoña –Cantabria-, así como ás persoas que resultaron feridas. Rexeitamos radicalmente calquera forma de violencia e condenamos os atentados rexistrados nesta localidade, así como en Ondarroa e Vitoria.

Amosamos o noso respaldo e recoñecemento explícito ao traballo desempregado polas forzas e corpos de seguridade do Estado na súa loita contra a barbarie e a sinrazón do terrorismo.

Os parlamentarios e parlamentarias consideramos que a unidade das forzas democráticas constitúe un requisito indispensable para acabar, dunha vez por todas, coa violencia terrorista, e defendemos a convivencia en paz e a liberdade como base dos dereitos democráticos dos cidadáns.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 08.